




FEDERACION GALLEGA DE FUTBOL

DELEGACION DE
PONTEVEDRA



9376.

Rfa. Club Xiabre

Adjunto remitimos a Vd. solicitud de inscripción del Xiabre C.F. de Vilagarcia de Arosa, solicitando participar en las competiciones de Fútbol-7 Alvin y Benjamin.

Se adjunta copias de los Estatutos del referido Club

Pontevedra, 15 Junio de 2000

Por La Delegación



Delegado

Sr. Presidente de La Federación Gallega de Fútbol

LA CORUÑA



1. The first part of the paper is devoted to a discussion of the

theoretical aspects of the problem. In the first section, we consider the

theoretical aspects of the problem. In the first section, we consider the

theoretical aspects of the problem. In the first section, we consider the

theoretical aspects of the problem. In the first section, we consider the

theoretical aspects of the problem. In the first section, we consider the

FEDERACION TERRITORIAL GALLEGA DE FÚTBOL

C/ MENÉNDEZ Y PELAYO 18-2º

A CORUÑA

Asunto: Inscripción do CLUB XIABRE CLUB BASE.con equipos de futbol-7 alevín e benxamins.

Por la presente os abaixo asinantes en calidade de Presidente e Secretario solicitamos inscrición como Club afiliados a esa Federación del XIABRE Club Base de Vilagarcia, con domicilio en la Avda. Mathosinhos s/n de Vilagarcia (Pontevedra),telefono 986500074, equipo con estatutos visados pola Xunta de Galicia e con N.I.F. **C - 36299410**

Este equipo con vestimenta camiseta vermella e pantalón negro, solicita participar nas categorías benxamin e alevín de fútbol -7 sendo o seu Campo o Campo do Instituto de Vilagarcía e o Campo de Rubians en Vilagarcía, pasando a depender deportivamente do Clube AROSA S.C, como filial deste Clube.

Sin outro particular aproveitamo-la ocasión para enviarlles un cordial saúdo.

Vilagarcia 13 de xuño de 2000.

Asdo: Enrique Jiménez Pérez
Presidente

Asdo: Jesús Sánchez Costoya
Secretario



PRESIDENCIA
SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE
Subdirección Xeral de Deportes

Estadio Multiusos de San Lázaro - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfono 54 26 03 - Telefax 54 26 38

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Deportes
Nº 1908
Data 124 NOV. 1997

Xunto achégase documentación do XIABRE C. BASE inscrito neste Rexistro de Clubes, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia co nº de rexistro: **5.636**.

Así mesmo notificase que deberán comunicar e solicita-la inscrición neste Rexistro, dos cambios e alteracións dese club que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais, etc..).

Santiago, 24 de novembro de 1997.

SECCIÓN DE REXISTRO DE CLUBES E
ASUNTOS XURÍDICOS



Asdo Belarmino García Martínez.

SR. PRESIDENTE DO XIABRE C. BASE

10/10/10

10

10



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

Nº A- 6227228

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA

Cod. 04

DELEGACIÓN DE C.D.

Santiago Compostela Cod. 13

TAXAS AUTOLIQUIDACIÓN

SERVICIO DE SECRETARÍA XERAL

PARA O DEPORTE Cod. 06

TAXA:

Denominación:	TAXAS POR SERVICIOS ADMINISTRATIVOS	Clave:	30.02.00
INSCRIPCIÓN REGISTROS OFICIAIS			

IDENTIFICACIÓN SUXEITO PASIVO:

Nome ou razón social:	XIABRE CLUB BASE (PE-JOHN GARCIA SUMER)		
	D.N.I. ou C.I.F.:	33.235.046 L	

Enderezo:	Auda. Malasinhos s/n - Vilagarcía
-----------	-----------------------------------

LIQUIDACIÓN


BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE A INGRESAR
Exemplar para o interesado	1.235.-	TOTAL: 1.235.-

Sinatura

a 20 de Novembro de 1997

TALÓN DE CARGO:

Selo e sinatura



Data

Importe

1.235.-

IMPORTANTE: O ingreso deberá efectuarse en calquera entidade financeira das relacionadas ó dorso.

ESTATUTOS

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- O/A XIABRE CLUB BASE.....é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, da que o obxecto exclusivo será o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/A XIABRE CLUB BASE practicará como principal modalidade deportiva a de FUTBOL.....e afiliarse á Federación Galega de FUTBOL....., que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A XIABRE CLUB BASE.....practicará as mesmas modalidades deportivas de FUTBOL E FUTBOL-7 para o que funcionarán as seccións deportivas correspondentes, que se adscribirán ás respectivas Federacións.

A Xunta Directiva poderá acorda-la creación de novas seccións para a práctica de outras modalidades deportivas, debendo adscribirse ás correspondentes Federacións.

Artigo 3º.- O/A XIABRE CLUB BASE..... someterase

ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

a) Non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente.

b) Poderá fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

c) O/A XIABRE CLUB BASE.....poderá gravar ou enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de deuda ou parte alicuota patrimonial, sempre que cumpra cós seguintes requisitos:

1- Que tales operacións sexan autorizadas por maioría de dous tercios dos socios presentes representados na Asamblea Xeral extraordinaria.

2- Que ditos actos non comprometan de maneira irreversible o patrimonio da entidade ou a actividade físico-deportiva que constitúa o seu obxecto social. Para a axeitada xustificación deste extremo poderá esixirse sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.

3- Cando se trate de tomar cartos a préstamos en cuantía superior ó 50 % do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual o valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requirirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.- O/A XIABRE CLUB BASE poderá recibir libremente doacións que non excedan da cantidade de 500.000 pts.

No suposto de doacións que superen esta cantidade, será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- O domicilio social fixase en VILAGARCIA....., Rúa de MATOSINHOS..C.P. 36.600..., teléfono 500.074....., debendo, en caso de variación, dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/A XIABRE CLUB BASE tamén contará cós seguintes locais e instalacións propias: —

f) Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

Segundo: Son obrigacións dos socios de número:

- a) Abona-las cuotas que esixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuir ó sostemento e difusión do deporte ou deportes da Sociedade
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno da Sociedade.

Terceiro: Os socios aspirantes terán dereito a disfrutar dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

Cuarto: Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutar daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido como socio, en calquera das súas modalidades, será necesrio.

- Ter a idade sinalada para cada unha delas
- Solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pago das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º.- Son Organos de representación e goberno Don.....

....., a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.

Artigo 12º.- Primeiro: A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte. O fronte dela haberá un Presidente e formarán parte da mesma un Secretario e un Tesoreiro.

Segundo: O Presidente da Xunta Directiva e no seu defecto, aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos validamente adoptados pola Asaamblea Xeral e a Xunta Directiva.

Terceiro: Corresponderá á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competeicións que se organicen.

b) Convocar, por medio do seu Presidente, á Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.

c) Sinala-las condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cuotas de ingreso e periódicas que deban satisfacerse.

d) Redactar e reforma -los Regulamentos de Réxime Interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.

e) Nomea-las persoas que vaian dirixi-las distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades de Clube.

f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte.

Artigo 13º.- Primeiro: A Xunta Directiva quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. En segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e, en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente.

Segundo: A Xunta Directiva convocarase pola súa Presidencia con dous días de antelación, como mínimo, á data de celebración. Tamén poderá convocarse a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén validamente constituída cando estean presentes tódolos seus membros, anque non houberan convocatoria previa.

Artigo 15º.- Primeiro: O Tesoreiro da Xunta Directiva será o Depositario da Asociación, firmará os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

Segundo.- Será obrigación do Tesoreiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se poñerán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.- O Secretario da Xunta Directiva coidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva efectuarase por un periodo de catro anos, coincidindo con periodos Olímpicos.

Artigo 18º.- Primeiro: A Asamblea Xeral é o Organo supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos seus socios de número.

Segundo: As Assembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran nela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concorrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración haberá de mediar, ó menos quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos dos socios de número.

1. A Asamblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ó ano para trataar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación de presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación, se procede.
- b) Presuposto para o exercicio seguinte.
- c) Proxectos e propostas da Directiva.
- d) Proposición que formulen os socios e que deberán ir firmadas, polo menos, polo quince por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Proxuntas.

2. Deberá celebrarse Asamblea Xeral extraordinaria, para a modificación dos Estatutos, elección da Xunta Directiva, tomar diñeiro a préstamo, emisión de títulos representativos de deuda ou parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación das cuotas dos socios,

CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º.- No libro de Rexistro de Asociados deberán constar os nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación.

Tamén se espedificarán as datas de alta e baixas e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos libros de Actas consignaranse as reunións que celebre a Asamblea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos tratados e acordos adoptados. As Actas firmaranse, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio como os dereitos e obrigacións, ingresos e gastos da Asociación, debendo precisarse a procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º.- Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que haberá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º.- Cada sección deportiva ocuparase de tódolo relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEUDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º.- O/A XIABRE CLUB BASE
poderá emitir títulos de deuda ou de parte alicuota patrimonial. Os títulos serán nominativos.

Artigo 27º.- 1. Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación, no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión e, no su caso, o interés e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os Títulos de deuda só poderán suscribirse polos asociados e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, salvo a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º.- Os Títulos de parte alicuota patrimonial serán, asemesmo suscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de deuda e parte alicuota patrimonial serán transfereíbles unicamente entre os que teñan a condición de socios.

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE

Artito 31º.- Os presentes Estatutos só poderán modificarse, reformarse ou derogarse por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto, mediante votación favorable dos socios de número asistentes.

A refórma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativas para a súa aprobación.

Artigo 32º.- O/A.....XIABRE CLUB BASE.....
extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva, ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que se celebrará a tal fin, cun mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º.- Disolto/aXIABRE CLUB BASE.....,
o remanente do seu patrimonio social, se o houbera, reverterá á colectividade, comunicándose tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega, que acordará o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades físico-deportivas.
